

PLAN DE CONVIVENCIA DO CEIP PLURILINGÜE NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS

VERSIÓN 1: aprobación 11/10/2022

VERSIÓN 2: aprobación 03/10/2023

ÍNDICE

1. Fins e principios informadores das normas sobre convivencia.....	3
2. Análise da situación.....	5
3. Obxectivos específicos do plan de convivencia.....	8
4. Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.....	8
5. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da lei 4/2011, do 30 de xuño.....	16
6. Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van a seguir para o seu desenvolvemento e execución.....	16
7.- Normas de convivencia do centro coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa e protocolo para a detección e incumprimento delas....	22
8. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.....	29
9. As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou outros programas.....	46
10. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.....	49
11. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.....	50
12. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.....	50

Introdución: (Preámbulo do Decreto de Convivencia)

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa. O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

1. FINS E PRINCIPIOS INFORMADORES DAS NORMAS SOBRE CONVIVENCIA.

As normas sobre convivencia nos centros docentes establecidas na lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, oriéntanse aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos

centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lle corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN.

2.1. Datos do centro.

Trátase dun centro de titularidade pública. Os seus datos referenciais son os seguintes:

Denominación : CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios

Enderezo: Rúa Azorín s/n. Ponteareas

Tifno.: 886110532

Código de centro: 36007497

Correo electrónico: ceip.nosasenora.remedios@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnosasenoremedios>

2.2 Características do centro e do seu contorno.

Niveis Educativos: Ed. Infantil e Ed. Primaria.

Unidades educativas: 21 en funcionamento.

Alumnado: Con 400 alumnos/as aproximadamente. Acolle alumnos/as do centro urbano e das parroquias rurais de Bugarín, Fozara, Padróns, Paredes, Pías, Prado e Ribadetea. O alumnado destas parroquias utiliza o servizo de transporte escolar e neste intre constitúe aproximadamente un terzo do total. Conta con servizo de comedor escolar de xestión directa no que comen 279 alumnos/as. É un número de usuarios/as moi alto e que pode orixinar de xeito doado problemas de convivencia. Por outra banda, ao noso colexio acoden un número importante de alumnos/as pertencentes a familias inmigrantes e/ou a minorías étnicas, que fan necesario un traballo importante con este alumnado para acadar unha boa adaptación ao colexio. O grao de conflitividade podemos consideralo baixo. O absentismo escolar é baixo, adoptándose medidas para que estea nestes niveis.

Profesorado: O Claustro de mestres/as conta neste intre con 35 docentes. Hai un alto grao de implicación na mellora da convivencia, participando dentro dos programas de mellora do éxito escolar (contratos-programa) dende a primeira convocatoria.

Familias: As familias do alumnado do Centro acoden en xeral sempre que son citadas polos mestres/as e acoden nunha alta porcentaxe ás reunións de inicio de curso. Rexístranse uns índices importantes de paro na zona, o que afecta ás familias do noso Centro.

Persoal non docente: O Colexio conta con persoal de cociña (un oficial de 2ª e tres axudantes de cociña) e unha administrativa dependentes da Consellería. Hai un conserxe que pertence ao Concello de Ponteareas e persoal de limpeza (tres traballadoras) dunha

empresa contratada polo Concello. A implicación deste persoal no apartado da convivencia é alta e aportan as súas ideas para traballar na mellora da mesma.

Outros servizos que colaboran co Colexio: É importante a relación cos Servizos Sociais do Concello de Ponteareas, que é moi fluída e que tamén colaboran en problemas de convivencia traballando coas familias.

2.3 Detección de necesidades. Conflitividade detectada no centro.

Para elaborar un Plan de Convivencia adaptado ás características do noso centro é fundamental partir da realidade do centro. Dos resultados da enquisa feita pola Consellería no curso 2015/16 podemos obter as seguintes conclusións:

Profesorado: Existen problemas de convivencia de xeito puntual (52.4%) ou ningún problema de convivencia (42.9%). Existen problemas relacionados con faltas de comportamento e respecto dos alumnos/as entre eles e nalgúns casos puntuais cara aos mestres/as e ao resto de persoal do centro. Obsérvase algún problema cos nais/pais, por motivos como interromper as clases en horario lectivo ou actitudes pouco respectuosas nalgúns casos.

Alumnado: Faltas de respecto e agresións por parte duns compañeiros a outros (Insultos, burlas, empurróns, patadas, ameazas, pelexas,... no patio). Atrasos na chegada a clase. Admiten algunha interrupción por parte do alumnado na aula (poucas veces 23,1%). No patio hai problemas nas filas antes de subir ao colexio e de tirar lixo ao chan. No comedor mal comportamento na mesa e tirar comida. Ademais hai algún caso puntual de rexeitamento e indiferenza cara algúns alumnos e de desaparición dalgúns materiais na clase, nas mochilas.

Persoal non docente: Quéixanse de falta de respecto por parte dos nenos, cara eles mesmos e o seu traballo.

CONSIDERACIÓNS XERAIS:

Os datos achegados polos cuestionarios indícanos que existe unha preocupación por parte do profesorado, do alumnado e do persoal non docente do centro, respecto dos problemas de convivencia e de disciplina. Os problemas que máis preocupan aos membros da comunidade educativa son aqueles que afectan directamente á vida cotiá: agresións físicas e verbais entre compañeiros, agresións dirixidas ás propiedades, exclusión social, e no caso dos profesores faltas de respecto e disrupción. En todo caso, as respostas dadas aos cuestionarios indican unha clara mellora na convivencia no centro nos últimos anos.

2.4 Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

Dende o curso 2007/08 hai constituído un Equipo de Convivencia e Promoción da Igualdade formado por mestras/es do Centro e que inciden directamente sobre a mellora da convivencia promovendo e coordinando diversas actividades que se realizan ao longo de cada curso no noso Centro. Téñense traballado diversos aspectos como a mediación e a resolución de conflitos entre os propios implicados/as con resultados positivos.

Tamén, como xa se sinalou antes, levamos participado na liña de mellora da convivencia e promoción da igualdade dentro dos contratos-programa dende a primeira convocatoria desta actuación, con resultados positivos.

A aplicación de tests de acoso escolar e tests sociométricos como medida preventiva tamén está dando moi bos resultados á hora de detectar posibles situacións problemáticas entre o alumnado.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

1. Acoller e integrar ao alumnado novo.
2. Levar a cabo unha educación emocional relacionada co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo-sexual.
3. Sensibilizar á comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
4. Sensibilizar á comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
5. Fomentar a adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo.
6. Previr, detectar e tratar as situacións de acoso escolar e ciberacoso.

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA, INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.

As normas básicas de convivencia do centro parten dos valores que a comunidade educativa, no marco da legalidade vixente, considera fundamentais para a educación e para a convivencia no Proxecto Educativo. Estas normas básicas de convivencia, recollidas nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia convértese, deste xeito, nun instrumento para a consecución dos principios educativos do centro xa que:

- Permiten crear oportunidades para respectar a diversidade e as diferenzas.
- Contribúen a desenvolver a autonomía moral, a participación democrática e a educación cidadá.
- Constitúen o marco de participación na vida do centro.

4.1 ACTUACIÓNS PREVENTIVAS PARA A DETECCIÓN DA CONFLITIVIDADE.

ACTUACIÓNS DE COORDINACIÓN		
DESTINATARIOS	PROCEDEMENTO	RESPONSABLES
Profesorado	Coordinación e consenso nas normas e decisións Reunións, claustros: debate, argumentación, toma e cumprimento de decisión. Coordinación de principio de curso Criterios de elección dos titores	Equipo Directivo Comisión de convivencia Claustro
ACTIVIDADES DE ACOLLIDA		
DESTINATARIOS	PROCEDEMENTO	RESPONSABLES
As familias novas	Reunións informativas NOF Normas de convivencia Principios pedagóxicos do centro	O equipo directivo O titor/a Orientación
Ao alumnado da titoría	Actividades de titoría NOF Normas de convivencia Dereitos e deberes do alumnado e das familias Medidas correctoras Actividades de cohesión do grupo	O titor/a Especialistas
Familias	Actividades extraescolares	Equipo directivo

Alumnado Persoal non docente	Organización e funcionamento Comunicación as familias Información ao alumnado por parte dos monitores/as	ANPA Profesorado Consello Escolar Monitores/as
Servizo do comedor		
Familias Alumnado	Organización e funcionamento Circular informativa ás familias Información ao alumnado por parte do/a responsable comedor	Equipo directivo Consello Escolar Coidadores

ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS		
DESTINATARIOS	PROCEDEMENTO	RESPONSABLES
Alumnado Profesorado	Entradas e saídas O alumnado formará filas á entrada e saída O profesorado que teña clase á primeira (entrada) ou última hora (saída) conducirá a fila.	Profesorado
Alumnado Profesorado	Organización dos cambios de clase Puntualidade do profesorado O alumnado vai ao servizo nos cambios de clase ou co permiso do profesor/a .	Profesorado

	<p>O alumnado das aulas ABALAR deben ter os seus ordenadores pechados.</p> <p>O profesorado que teña clase noutra aula controlará ao alumnado</p>	
<p>Alumnado</p> <p>Profesorado</p>	<p>Organización dos recreos:</p> <p>profesores</p> <p>coidador</p> <p>Especial atención ao alumnado de:</p> <p>NEAE</p> <p>Condutas disruptivas</p>	<p>Profesorado</p>

Aula/ clase	<p>Organización da aula: grupo, individual, parellas....</p> <p>Tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non discriminación - Fomentar a interrelación 	<p>Profesorado</p>
<p>Alumnado</p> <p>Coidadores do comedor</p>	<p>Organización do comedor</p> <p>Segundo o establecido no Plan do comedor.</p>	<p>Equipo directivo</p> <p>Consello Escolar</p>
<p>Alumnado</p> <p>Monitore/as</p>	<p>Organización actividades extraescolares</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entradas e saídas (NOFC) 	<p>Equipo Directivo</p> <p>Profesorado</p> <p>ANPA</p>

Profesorado	- Normas de convivencia.	Consello Escolar
-------------	--------------------------	------------------

ACTUACIÓN PARA PREVENIR A VIOLENCIA DE XÉNERO		
DESTINATARIOS	PROCEDEMENTO	RESPONSABLES
Alumnado	Actividades de sensibilización da igualdade de homes e mulleres. Día da non violencia de xénero Lectura de contos que traballen a igualdade/emociones	Todo o profesorado

ACTUACIÓN PARA PREVENIR A DISCRIMINACIÓN		
DESTINATARIOS	PROCEDEMENTO	RESPONSABLES
Comunidade	Actividades de sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social: <ul style="list-style-type: none"> • Día de convivencia • Día da muller traballadora • Actividades do día da Paz 	

Educativa	<ul style="list-style-type: none"> • Lecturas sobre a non discriminación • recollida de novas • realización de debuxos, murais,... 	Todo o profesorado
-----------	---	--------------------

ACTUACIÓN PARA PREVI O ACOSO

- Actividades de titoría:
 - Establecemento das normas de aula.
 - Dereitos e deberes do alumnado.
 - Actividades específicas dirixidas á prevención do acoso
- Actividades formativas: alumnado, profesorado e familias.
- Asesoramento do Departamento de Orientación.
- Vixilancia extrema das zonas comúns: patios, recreos, cambios de clase, servizos...

ACTUACIÓN CURRICULARES

DESTINATARIO	PROCEDEMENTO	RESPONSABLES
Alumnado	Coordinación das programacións docentes e desenvolvemento do currículo entre o profesorado que imparta a mesma área e /ou nivel	Profesorado CCP

Alumnado	Establecemento de diferentes estratexias metodolóxicas adaptadas á diversidade do alumnado e ao alumnado con NEAE.	Profesorado
Alumnado	Avaliación do progreso do alumnado con obxectivo de establecer proxectos de mellora	Profesorado
Profesorado	Avaliación da práctica docente co obxectivo de establecer proxectos de mellora	Profesorado

4.2 ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR

PARA O ALUMNADO	Programas formativos
PARA O PROFESORADO	Cursos de formación
PARA AS FAMILIAS	Informacións a nivel titorial Escola de pais e nais

4.3 MEDIDAS COMPLEMENTARIAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

- Traballo co programa de habilidades sociais con todo o alumnado e en especial co alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, e coa finalidade de mellorar a súa integración no centro.
- Elaboración e desenvolvemento de programas específicos para alumnado de condutas disruptivas, autoestima baixa, prevención de acoso....

A Acción titorial constitúe o marco indispensable e necesario para establecer unhas boas bases para a convivencia no grupo e por extensión á vida do colectivo total do alumnado. A capacidade do titor/a para canalizar e resolver os problemas, así como para crear un clima afectivo e integrador no aula no que teñan cabida todos e cada un dos alumnos/as do grupo, representa o factor máis influínte na configuración das relacións persoais e é o elemento crave sobre o que pivota o resto das actuacións con outros sectores da comunidade escolar.

A organización da aula, as estratexias de comunicación que se establecen con cada profesor/a, os vínculos, o axuste curricular e as adaptacións curriculares, as normas de aula e as rutinas que o titor/a utiliza no desempeño das súas tarefas son os elementos dun fenómeno interactivo que vai determinar substancialmente o proceso da convivencia no centro.

Medidas de mellora no grupo-clase:

Aínda que estas medidas enmárcanse esencialmente na Acción Titorial, é conveniente que constitúan un referente metodolóxico unificado e xeneralizado para todo o profesorado co fin de evitar mensaxes incoherentes ou contraditorios que fosen prexudiciais para a consecución dos obxectivos fixados:

- Fomentar a aprendizaxe cooperativa.
- Reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas entre o alumnado.
- Favorecer a autoestima cando se detecten situacións de infravaloración.
- Crear un clima de confianza aceptando as suxestións dos nenos/as.
- Rexeitar as actividades grupais discriminatorias, fomentando o compañeirismo.
- Establecer normas claras de funcionamento no centro cunha formulación positiva.
- Fomentar a participación en tarefas e responsabilidades do centro.
- Creación da figura do alumno/a axudante para os nenos/as novos/as no centro.

5. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 30.2 DA LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO.

As dinámicas de funcionamento, tanto do grupo amplo que forma o alumnado do centro coma do grupo limitado á aula, poden favorecer relacións negativas como o acoso. Outros conflitos escolares non son acoso: meterse un co outro de xeito amigable e sen intención de facer dano ou as discusións e incluso as pelexas entre alumnado a un mesmo nivel, situados, polo tanto, nun equilibrio de forzas. É importante, xa que logo, diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais, que presentan a miúdo unha abordaxe diferente, aínda que requiren tamén dunha resposta efectiva. Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. As medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar así como as propostas de actuacións de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este figuran no Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso que se inclúe como Anexo nas NOFC.

6. CONCRECIÓN, EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS, DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DOS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN A SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.

a. Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias.

As actividades de acollida teñen como finalidade facilitar o proceso de escolarización, a adaptación e a integración do alumnado de novo ingreso no centro ao entorno escolar.

Para o alumnado de educación infantil que se incorpora ao sistema educativo existe un Plan de Adaptación específico recollido nas NOF do Centro.

Para o restante alumnado que se incorpore ao centro as actuacións a realizar terán como obxectivos:

- Axudar ao alumnado a integrarse plenamente no centro.
- Atender as necesidades educativas e comunicativas se as houbera.
- Favorecer no centro un clima de convivencia, respecto e tolerancia.

Actuacións do Plan de Acollida:

1.- Equipo Directivo:

- Elaboración, seguimento e avaliación do Plan.
- Establecer o primeiro contacto coa familia para facilitarlles información sobre o sistema educativo e coñecer o centro.
- Traslado de información ao profesorado que atenda aos alumnos e alumnas.
- Apoio e colaboración en cuestións sociofamiliares.

2.-Departamento de Orientación:

- Orientar e asesorar na elaboración, seguimento e avaliación do Programa.
- O Orientador/a asesorará sobre as actuacións e decisións de carácter pedagóxico.

3.- Titor/a:

Coa familia:

- Solicitar, nunha primeira entrevista, a información necesaria.
- Facilitar á familia a información que necesite.
- Establecer coa familia pautas para un contacto constante e frecuente co centro.

Co resto do profesorado:

- Traslado de información.
- Solicitar datos do profesorado.

Co alumno/a:

- Recibir ao alumno/a.
- Determinación do seu nivel de competencia lingüística no caso de alumnado procedente do estranxeiro.

- Realizar a avaliación inicial (valoración da súa escolarización previa e das súas habilidades básicas en lecto-escritura e matemáticas e as posibles necesidades específicas)
- Servir de enlace e referente co profesorado e os compañeiros/as.
- Mostrar o centro, normas, pautas de comportamento, de traballo.
- Informar sobre actividades e situacións escolares que poidan resultar novas.
- Facer participar activamente ao alumno/a en aqueles aspectos nos que sexa competente.

Co grupo:

- Informar sobre o novo compañeiro/a.
- Organizar actividades que faciliten a súa integración escolar e afectiva.
- Seguimento do proceso de integración.
- Adaptar a resposta educativa ás necesidades do alumno (solicitando a colaboración necesaria)

Profesorado:

- Proporcionar un trato afectuoso.
- Aportar información ao titor/a.
- Explicación de pautas e normas de comportamento.
- Ter en conta unha visión global de todas as actividades e persoas que inciden no proceso de adaptación.

4.- Criterios de adscrición ao grupo:

En principio adscribirase ao alumno/a ao nivel que lle corresponda segundo o certificado de escolarización do centro de procedencia que achegue a familia. No alumnado procedente do estranxeiro, o/a orientador/a realizará a correspondente proposta de escolarización atendendo ao disposto na normativa.

5.- Actuacións na aula:

- Convén nomear un alumno/a-titor/a, que lle acompañe nos primeiros movementos no centro, e ao que poida acudir en situación de conflito ou necesidade.
- Informar ao grupo sobre o novo compañeiro/a de forma que comece o proceso de aceptación. De proceder do estranxeiro: do seu país de orixe, a lingua que fala, informar ao

grupo no coñecemento das posibles pautas culturais disonantes coas nosas, explicándoas no seu contexto.

- É conveniente avaliar e examinar de cando en vez colectivamente o proceso de integración do novo compañeiro/a, detectando posibles dificultades e fixando tarefas para corrixilas.
- Aceptar o proceso coñecido como “etapa silenciosa” pola que pasan moitos alumnos/as que se ven inmersos neste proceso.
- Abordar de xeito inmediato situacións de rexeitamento, xenofobia ou discriminación que poidan darse, sexa no grupo ou fóra da aula, para atallalas o máis rapidamente posible e tratar de cambiar a actitude do alumnado implicado.

b. Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.

- Programas de habilidades e competencias sociais. Realizaranse desde o Departamento de Orientación.
- Actividades dirixidas ao alumnado sobre navegación segura en Internet e uso responsable das novas tecnoloxías.

c. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para prever posibles situacións de violencia de xénero.

O compromiso de tarefa formativa de desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica dos conflitos, lévanos necesariamente a suscitar nos o respecto da igualdade de sexos. A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos, pois hoxe é máis urxente que nunca inculcar a necesidade do rexeitamento ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un determinado sexo. A educación escolar debe contribuír a que os alumnos e alumnas sexan capaces de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación polo xénero, de analizar as súas causas e de actuar eles mesmos á súa vez de acordo con estes valores igualitarios. A escola debe ofrecer alternativas ao sexismo existente na sociedade, debe ser unha escola xusta e, polo tanto, coeducativa. Debe aplicar a perspectiva de xénero nas accións diarias do centro.

Accións dirixidas á comunidade escolar:

- Tratamento da linguaxe: uso dunha linguaxe non sexista, no que se contemple e visualícese o xénero feminino. Os escritos e documentos dirixidos desde o centro así como desde a ANPA terán en conta este aspecto na redacción de comunicados para transmitir a información.
- Sensibilizar e concienciar ás alumnas no interese polo coñecemento científico tecnolóxico co fin de ampliar os campos posibles de elección nas súas expectativas profesionais.
- Realización de actividades de divulgación e/ou formación (charlas, obradoiros, etc..) sobre coeducación e dirixidas á comunidade educativa.

Accións no centro:

- Reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos sexos. - Igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc.)
- Criterios de selección de textos e materiais curriculares que contemplan un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc.)
- Tratar de erradicar os comportamentos e actitudes entre o alumnado que non sexan igualitarios. Romper desde a aula os estereotipos sexistas.
- Encamiñar o rol de protagonismo que ostentan os varóns cara a situacións de liderado compartido e relacións afectivas coas súas compañeiras.
- A perspectiva de xénero debe estar incluída e debe ser tida en conta en todas as áreas. O labor máis importante respecto diso desenvólvese obviamente na titoría, con todo o compromiso debe ser asumido por todo o profesorado. As actuacións educativas serán máis efectivas canto máis interiorizadas estean polos equipos educativos.
- Enfrontar o tema da violencia cara ás mulleres. Debemos abordar este tema como un compromiso social e educativo. A escola non pode mirar cara a outro lado e reforzar as ideas que sustentan a violencia contra as mulleres. A violencia de xénero non é un problema que afecta ao ámbito privado senón que é unha expresión extrema e brutal dunha desigualdade subxacente na nosa sociedade, sustentada nunha violencia cultural e estrutural que debe ser combatida en varios ámbitos simultaneamente: xudicial, policial, sanitario, medios de comunicación, publicidade, pero sobre todo no ámbito da educación.

- Impulsar actividades sobre coeducación dirixidas ao alumnado (talleres, charlas, conmemoracións, etc.)
- Colaborar con outras institucións e organismos para ofrecer recursos e actividades sobre coeducación.

d. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

- Celebración de datas que sensibilicen a toda a comunidade educativa nos valores democráticos: a tolerancia, igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia: Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Declaración dos Dereitos Humanos, Día escolar da non Violencia e da Paz, Día Internacional da Muller,...

e) Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

- O Departamento de Orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.
- Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase de xeito coordinado entre o Departamento de Orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

O recreo e o xogo:

O período de recreo é un dos momentos onde se producen con frecuencia incidencias ou conflitos entre o alumnado. O patio de recreo é o espazo de xogo que os nenos e nenas utilizan fóra xa dos límites da aula para establecer vínculos máis libres e onde a interacción con outros grupos é maior. Por este motivo poden xurdir conflitos case sempre ocasionados pola confluencia de intereses, os problemas de integración social, a competitividade e as rivalidades persoais, a agresividade, etc.

É por iso que resulta tamén un espazo educativo proveitoso onde se establecen unhas normas de funcionamento claras e precisas que todo o profesorado debe aplicar de forma xeneralizada e coordinada. Para iso debe haber unha organización definida de uso dos espazos de xogo.

7.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA E PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN E INCUMPRIMENTO DELAS.

A concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa recolleranse nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.

Un exemplar destas Normas explicarase ás familias no momento que formalice a matrícula no centro, ademais estará dispoñible na páxina web para consulta e descarga de calquera integrante da Comunidade Educativa.

Protocolo para a detección e incumprimento das Normas de Convivencia.

- Nas sesións de avaliación, dentro do apartado de avaliación da práctica docente e do proceso de ensino-aprendizaxe, valorarase o grao de cumprimento das Normas de Organización , Funcionamento e Convivencia en cada grupo, achegando na acta, se as houbera, as conclusións e as propostas oportunas.

Dereitos e deberes do alumnado

Son dereitos e deberes do alumno os que se establezan neste artigo e no resto das normas vixentes, considerando que:

a) Todos os alumnos teñen os mesmos dereitos e deberes, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estean cursando.

- b) Todos os alumnos teñen o dereito e o deber de coñecer a Constitución Española e o respectivo Estatuto de Autonomía, co fin de formarse nos valores e principios recoñecidos neles e nos Tratados e Acordos Internacionais de Dereitos Humanos ratificados por España.
- c) Todos os alumnos teñen dereito a que a súa dedicación e esforzo sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, e a recibir orientación educativa e profesional.

Dereitos do alumnado	Deberes do alumnado
<ol style="list-style-type: none">1. A recibir formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.2. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.3. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.4. A que o seu rendemento sexa avaliado con plena obxectividade.5. A recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.6. A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.7. A que se lles respecte a súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas.8. A ser educados fomentando a súa capacidade e actitude crítica, a súa capacidade de comprensión e elección en liberdade, a súa tolerancia e a súa convivencia democrática.9. Á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto aos principios constitucionais.	<ol style="list-style-type: none">1. O deber máis importante dos alumnos é o de aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon á súa disposición. Por iso, o interese por aprender e a asistencia á clase, é dicir, o deber do estudo, é a consecuencia do dereito fundamental á educación.2. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros/as á educación.3. Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.4. Respetar a liberdade de convivencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.5. Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.6. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.7. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.8. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.9. Os/As alumnos/as deben respectar a liberdade de conciencia e as conviccións, dignidade, integridade e intimidade dos demais membros da comunidade educativa.10. Aos alumnos/as non lles está permitido abandonar

	<p>a aula en ausencia dun profesor, nin nos cambios de clase.</p> <p>11. Os alumnos/as deberán abandonar a aula nas horas de recreo. Non se poderá ir á aula nin quedar nos corredores do centro mentres duren ao recreos agás que permanezan cun profesor/a.</p>
--	---

Dereitos e deberes das familias

Dereitos dos pais, nais e titores legais.	Deberes dos pais, nais e titores legais
<p>1. A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.</p> <p>2. A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.</p> <p>3. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.</p> <p>4. A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.</p> <p>5. Colaborar, como primeiros educadores, na educación integral dos seus fillos e fillas.</p> <p>6. Participar activamente nas actividades do centro a través dos órganos e mecanismos que a lei establece.</p> <p>7. Formular suxestións, queixas ou peticións que consideren oportunas, ao equipo directivo e profesores do centro nas horas de visita establecidas a tal efecto.</p> <p>8. Dereito de elixir ou ser elixido representante nos órganos de goberno do centro e a participar activamente nos mesmos.</p>	<p>1. Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos e fillas, en colaboración co profesorado e co centro docente.</p> <p>2. Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.</p> <p>3. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.</p> <p>4. Colaborar co centro docente na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos e fillas.</p> <p>5. Procurar a asistencia e puntualidade dos seus fillos/as ao centro así como puntualidade na recollida á hora de saída.</p> <p>6. Xustificar debidamente as faltas de asistencia que se produzan.</p> <p>7. Conceder o debido valor aos resultados da avaliación continua que periodicamente reciban, estimulando e supervisando para que os seus fillos leven a cabo as actividades que se lles encomenden.</p> <p>8. Acudir ao centro cando sexa requirido pola dirección, o titor/a, o orientador/a ou calquera dos</p>

<p>9. Recibir información puntual en caso de non asistencia a clase dos fillos/as.</p> <p>10. Participar na elaboración, desenvolvemento e modificación do NOF nos termos que a lei estableza.</p> <p>11. Promover e organizar actividades complementarias e extraescolares en colaboración con outros sectores da comunidade escolar.</p> <p>12. A que reciban os seus fillos/as unha educación de calidade.</p>	<p>profesores dos seus fillos/as.</p>
---	---------------------------------------

Dereitos e deberes do profesorado.

Dereitos do profesorado	Deberes do profesorado
<p>1. A ser respectados, recibir un trato adecuado e ser valorados polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.</p> <p>2. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.</p> <p>3. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.</p> <p>4. A que se lle recoñeza as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.</p> <p>5. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.</p> <p>6. Á utilización das instalacións, mobiliario e material do centro.</p> <p>7. Realización de actividades culturais, deportivas e fomento dun traballo coordinado e en equipo.</p> <p>8. Participación activa na vida escolar e na organización do centro.</p>	<p>1. Impartir as ensinanzas das materias ao seu cargo, de acordo coas programacións didácticas dos niveis, utilizando os materiais didácticos axeitados.</p> <p>2. Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.</p> <p>3. Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixiendo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.</p> <p>4. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.</p> <p>5. Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade</p>

<p>9. Formular ante os membros da comunidade escolar do centro cantas iniciativas, suxestións e reclamacións estimen oportunas.</p> <p>10. Participar en actividades e cursos de perfeccionamento, seguindo os requisitos que establece a lexislación vixente.</p> <p>11. Asesorar aos seus representantes no Consello Escolar e ser informados puntualmente por estes das resolucións tomadas nas reunións deste órgano.</p>	<p>dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.</p> <p>6. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración Educativa, das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilio profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.</p> <p>7. Asumir as titorías dos alumnos/as, para dirixir a súa aprendizaxe e axudalos/as a superar as dificultades que atopan.</p> <p>8. Aceptar os cargos e funcións que se lle encomenden, segundo a lexislación vixente.</p> <p>9. Respetar a integridade física, moral e dignidade persoal dos alumnos/as.</p> <p>10. Cooperar e participar na actividade educativa e de orientación, achegando o resultado das súas observacións sobre as condicións intelectuais e persoais dos alumnos/as.</p> <p>11. Participar nos traballos dos niveis, equipos e demais órganos de coordinación, colaborando cos demais profesores.</p> <p>12. Colaborar na organización de actividades complementarias e extraescolares. A participación do profesorado nas actividades extraescolares ten carácter voluntario.</p> <p>13. Asistir ás reunións do claustro, sesións de avaliación, reunións de equipos e de nivel.</p> <p>14. Cumprir con regularidade e puntualidade o seu horario, debendo xustificar os atrasos e ausencias de modo regulamentado. Deberán, tamén, solicitar coa debida antelación aqueles permisos establecidos na lei e todas aquelas ausencias de carácter previsible.</p> <p>15. escoitar ao alumno/a nas súas obxeccións e suxestións, someténdoo a exame. Ser obxectivo na avaliación do rendemento e comportamento escolar</p>
---	--

	<p>do alumnado.</p> <p>16. Controlar diariamente as faltas de asistencia dos alumnos/as a cada unha das súas clases, comunicando á xefatura de estudos as ausencias xustificadas.</p> <p>17. Atender aos procedementos sinalados para a comunicación e corrección de faltas na súa respectiva competencia.</p> <p>18. Recibir e informar aos alumnos e aos seus pais/titores sobre o seu rendemento escolar. 19. Respetar e actuar de acordo co Proxecto Educativo e demais normativa do centro.</p>
--	--

Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos.

Dereitos	Deberes
<p>1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.</p> <p>2. A desenvolver a súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.</p> <p>3. A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.</p> <p>4. Á protección xurídica adecuada ás funcións.</p>	<p>1. Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.</p> <p>2. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia, en particular, das situacións de acoso escolar.</p> <p>3. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración Educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilio profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.</p> <p>4. Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.</p> <p>5. Colaborar no bo funcionamento e estado das instalacións dando conta dos desperfectos e anomalías que poidan atopar.</p>

6. Velar pola seguranza das persoas e das instalacións, non permitindo o acceso de persoas alleas ao centro ou non identificadas.

7. Contribuír ao aforro de recursos empregando adecuadamente o material e evitando o gasto inútil de enerxía e auga.

8. Apertura e peche das dependencias do centro.

Tocar o timbre do colexio sinalando as entradas, saídas e recreos. Non permitirá a saída do recinto escolar durante as horas de clase a ningún alumno sen autorización do titor/a e sen a presenza dos pais, titor ou familiar debidamente identificado.

9. Recibir, conservar e distribuír a correspondencia e documentación que se lle encomende. Realizar o traslado de material e mobiliario que se lle encomenden. Prestar servizos adecuados á natureza das súas funcións en arquivos, almacéns, reprografía, etc.

10. O secretario do centro supervisará, por delegación do director/a, a actividade e funcionamento do persoal de administración e servizos.

8. ESTABLECIMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO.

8.1 Principios xerais a seguir nos procesos de corrección das condutas contrarias á convivencia:

1. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia reunirán os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixa/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixa.

2. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

3. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.

4. Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

5. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixa.

6. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.

7. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

8. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo en que estean escolarizado.

8.2 Condutas obxecto de corrección:

1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

2. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

8.3 Clases de condutas contrarias á convivencia:

As condutas contrarias á convivencia clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a

súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

De mediar circunstancias atenuantes ou de carácter persoal ou familiar especialmente significativas, con carácter extraordinario, condutas gravemente prexudiciais poderían ser tratadas simplemente como contrarias.

No referente á imposición de correccións e o seu procedemento de tramitación en relación con condutas gravemente prexudiciais, aplicaranse as disposicións regulamentarias de desenvolvemento da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. Os prazos e o procedemento de corrección das condutas contrarias á convivencia adaptaranse ao previsto na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e ao Decreto 8/2015 que desenvolve esta normativa.

Haberá unha folla de amonestacións que elaborará o equipo de Calidade.

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e medidas correctoras.

Condutas gravemente prexudiciais	Medidas correctoras
a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.	a) Realización , dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.	b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes. c) Cambio de grupo.
c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.	d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que	e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un

atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) **As** actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

f) **A** suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) **Os** danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) **Os** actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) **As** actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) **Portar** calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa cando se é requirido para

mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) **Cambio** de centro.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste apartado.

<p>iso polo profesorado.</p> <p>k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.</p> <p>l) O incumprimento das sancións impostas.</p>	
---	--

Condutas leves contrarias á convivencia e medidas correctoras.

Condutas leves	medidas correctoras
<p>a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.</p> <p>b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.</p> <p>c) A falta de asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia deste centro docente.</p> <p>d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p>	<p>a) Amoestación privada ou por escrito.</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.</p> <p>c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.</p> <p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.</p> <p>f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</p> <p>g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>

e) **As** referentes a hixiene e limpeza persoal, por exemplo: casos de pediculose, mala hixiene persoal.

f) **Deterioro** da limpeza do centro.

g) **A** subtracción ou deterioro intencionado de pertenzas alleas.

h) **Non** respectar os prazos de entrega de libros ou outros materias prestados polo centro.

i) **A** participación en xogos violentos ou agresivos, a utilización de linguaxe groseira ou de xestos ou posturas provocadoras ou irrespectuosas, condutas atentatorias contra a sexualidade ou propias do acoso sexual, ver por debaixo das portas nos baños cando haxa alumnos/as facendo uso deles, etc., sempre que non poidan incluírse nas condutas tipificadas como faltas graves.

k) **A** desobediencia ao profesorado e as malas contestacións a profesores ou persoal non docente, a acompañantes do autobús escolar e a colaboradores/as do comedor escolar. Os insultos, inxurias ou ofensas, de feito ou de palabra, a membros da comunidade escolar.

l) **Efectuar** críticas despectivas ou comentarios sarcásticos proferidos publicamente e con ánimo de desacreditar, deshorrar ou calumniar.

m) **Permanecer** nas aulas no tempo de recreo a non ser por indicación dalgún profesor/a. Permanecer no entrechán, sen entrar na aula, ou saír da mesma no cambio de mestre/a. Ir aos servizos sen autorización dun mestre/a. Subir ás aulas ou ás dependencias superiores no tempo do comedor ou fóra do horario escolar sen permiso dun mestre/a.

n) **Abandonar** o recinto escolar sen a debida autorización, no tempo de obrigada permanencia no

h) **Suspensión** temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

mesmo.

ñ) **As** burlas, desconsideracións, mofas e faltas de respecto para con alumnos/as que teñan encomendada a cooperación en tarefas de orde ou vixilancia, como os detectives verdes ou os encargados de vixiar as portas de entrada no recreo en Primaria..

o) **A** suplantación de personalidade (identificación falsa, asinar coa identidade doutro). A falsificación ou alteración de documentos académicos ou administrativos (informes do Centro, notificacións ás familias, notas ou observacións en exames, actas, informes de avaliación, etc.)

p) **Non** levar o vestuario e os útiles de hixiene solicitados polos mestres/as de E. Física para as sesións nas que o alumnado teña esa materia.

q) **Usar** os teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos durante os períodos lectivos. Soamente se poderán utilizar dispositivos móbiles con usos didácticos e con autorización dun mestre/a do Colexio.

r) **Utilizar** videoconsolas ou aparellos electrónicos similares.

8.4 Gradación das medidas correctoras:

Para a gradación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

Consideraranse agravantes:	circunstancias	Consideraranse atenuantes:	circunstancias
a) A existencia de premeditación, intencionalidade ou reiteración nas condutas.		a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.	
b) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.			
c) A gravidade dos prexuízos causados.			
d) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia. Facer dano, inxuriar ou ofender ós compañeiros/as de menor idade ou ós recentemente incorporados ó centro.		b) A falta de intencionalidade.	
e) As condutas contrarias dirixidas cara aos discapacitados, físicos ou psíquic			

8.5 Procedemento para a imposición das medidas correctoras:

Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

1.1. **As** medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado no artigo 25 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e desenvolvido no Decreto 8/2015 que desenvolve esta Lei.

1.2. **A** corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.

1.3. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

1.4. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

1.5. **A** dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.

1.6. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

Determinación do procedemento de corrección	<ol style="list-style-type: none">1. A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.2. A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.3. Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal
--	--

de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

4. **Á** vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

**Inicio do
procedemento
de corrección**

1. No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpren os requisitos exixidos para iso daralles a posibilidade de corríxila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.

2. Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ao alumno ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.

3. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.

4. **A** dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar. En todo caso, corresponderá aos centros educativos concretar nas normas de organización e funcionamento do centro os criterios polos que se realizará a dita designación.

5. **A** persoa instrutora terá as seguintes funcións:

- a) **P**racticar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
- b) **C**ustodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
- c) **P**ropor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 do citado Decreto 8/2015.
- d) **P**ropor á dirección do centro o arquivo das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.
6. **A** incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista no artigo 37, números 3 e 7, do Decreto 8/2015 e comunicáraselle á Inspección Educativa.

**Procedemento
conciliado**

1. **O** procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar que a corrección educativa sexa inmediata.
2. **O** procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:
- a) **Q**ue a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- b) **N**o caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.
3. **O** procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:
- a) **C**ando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- b) **C**ando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen

a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

c) **C**ando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.

d) **C**ando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

4. **O** procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto no Decreto 8/2015.

**Desenvolvem
ento do
procedemento
conciliado**

1. **C**ando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

2. **N**a reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. **P**osteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. **A** petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida co-

	<p>rectora que se vaia adoptar.</p> <p>5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 do Decreto 8/2015. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.</p> <p>○ acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.</p> <p>6. ○ incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.</p> <p>7. ○ procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no artigo 53 do Decreto 8/2015.</p>
Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado	<p>1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se establece nas normas de organización e funcionamento do centro.</p> <p>2. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.</p> <p>3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:</p> <p>a) Contribuír ao proceso de conciliación.</p> <p>b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.</p> <p>c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.</p>
Procedemento	<p>1. ○ procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso,</p>

común	as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado. 2. O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto do Decreto 8/2015.
Desenvolvemento do procedemento común	1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora. 2. A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade. A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación. 3. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.
Terminación Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas	1. Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos: a) Feitos probados. b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade. c) M edidas correctoras que se vaian aplicar. d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta. 2. A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais

desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.

3. **As** correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos, e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados.

4. **Arbitraranse** medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

5. **As** correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

Compromisos educativos para a convivencia

1. **En** todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.

2. **Nun** compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

3. **A** falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

4. **Cada** centro educativo poderá concretar nas súas normas de organización e funcionamento o procedemento para acordar co alumnado corrixido e, de ser o caso, coas persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es compromisos educativos para a

	convivencia segundo o previsto neste artigo.
Prescripción de condutas e de correccións	<p>1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas no Decreto 8/2015, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.</p> <p>2. O prazo de prescripción comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescripción non empezará a computar mentres esta non cese.</p> <p>3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescripción no caso de producirse a caducidade do procedemento.</p> <p>4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.</p>

Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia:

Responsables da aplicación das medidas correctoras	<p>a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 do Decreto 8/2015.</p> <p>b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 do</p>
---	---

	<p>Decreto 8/2015.</p> <p>c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 do Decreto 8/2015.</p> <p>d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 do Decreto 8/2015. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.</p>
Solicitud de revisión e execución de medidas	<p>1. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 do Decreto 8/2015 ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.</p> <p>2. A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o parágrafo anterior, así como as restantes recollidas no artigo 43 do Decreto 8/2015, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.</p>

9. AS NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO, A SÚA COMPOSICIÓN, A PERIODICIDADE DAS REUNIÓN S E O PLAN DE ACTUACIÓN E, DE SER O CASO, DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA OU OUTROS PROGRAMAS.

Comisión de Convivencia

A Comisión de Convivencia estará integrada por:

- Director/a do centro.
- 2 representantes do profesorado.
- 2 representantes de nais e pais.
 - Un representante do persoal de administración e servizos.
 - A dinamizadora do equipo de Convivencia.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar do colexio as seguintes funcións:

- a **Elaborar** o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b **Adoptar** as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c **Impulsar** accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d **Propor** ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

- e **Propor**, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f **Coiñecer** o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g **Realizar** o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h **Elaborar** unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i **Aqueloutras** que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello de Ponteareas, ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

Aula de convivencia inclusiva.

A aula de convivencia inclusiva ten como función substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible. A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a. O profesorado que

atenderá a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, será profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia contarase coa colaboración do Departamento de Orientación. O Departamento de Orientación programará actuacións encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia. O horario e localización da aula establecerá a Xefatura de Estudos (neste caso a dirección) tendo en conta os espazos dispoñibles e de xeito que se indica do menor xeito posible nas actividades lectivas ordinarias. O profesorado titor coa colaboración do Departamento de Orientación facilitará o material didáctico preciso para o seu funcionamento.

Programa de habilidades sociais e outros programas.

1. O Departamento de Orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

2. Elaboraranse e actualizaranse programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.

10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

Coordinación cos titores/as: O orientador do Centro establecerá reunións cos titores/as para avaliar problemas de convivencia no seu alumnado e como traballar neste apartado. Nas reunións do Departamento de Orientación tratarase sobre convivencia e coordinarase cos coordinadores/as de equipos didácticos actuacións a seguir.

Equipo de Convivencia e Promoción da Igualdade: Este equipo integrado por profesorado representante dos equipos didácticos (E. Primaria) ou ciclo (E. Infantil) coordinará a proposta de actividades destinadas á mellora da convivencia en todos os seus ámbitos e á promoción da igualdade.

Comisión de Coordinación Pedagóxica: Entre os temas a tratar nas súas reunións mensuais será o da convivencia escolar.

Coas familias: Nas reunións de inicio de curso e nas reunións de titoría traballarase os diversos aspectos da convivencia do centro, incidindo nas normas tanto do colexio como a aplicar nas familias co alumnado. Tamén será importante a Escola de Familia do Colexio.

Coordinación e colaboración cos Servizos Sociais do Concello de Ponteareas: continuarase coa coordinación e colaboración con estes Servizos, especialmente coa Educadora Familiar do Concello naquelas situacións difíciles a nivel familiar.

Tamén se seguirá en contacto co Centro de Saúde de Ponteareas, sobre todo, coa pediatra de referencia nos casos de alumnado con enfermidades crónicas.

11. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

A difusión do Plan de convivencia farase por diversos camiños:

- **P**or medio das titorías darase a coñecer entre o alumnado.
- **D**ende o Equipo de Convivencia e Igualdade tamén se acometerán diversas iniciativas para difundir este Plan de Convivencia.
- **Á**s familias difundirase con circulares ao efecto, nas titorías e tamén dende a páxina web do colexio.
- **S**olicitarase colaboración do ANPA para a difusión do Plan de convivencia dentro do seu ámbito de actuación.
- De igual forma difundirase para todos/as dende a páxina web do Colexio.

12. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

A avaliación do Plan de Convivencia realizarase durante toda a aplicación do Plan:

1. Inmediatamente despois da realización de cada actividade.
2. **D**e forma máis xeral unha vez ao trimestre a través da Comisión de Convivencia.
3. **D**e forma global, ao terminar o ano escolar, na memoria final de curso onde se recollerán:
 - **N**ivel de consecución de obxectivos propostos.
 - **A**ctividades realizadas.
 - **G**rao de participación dos compoñentes da comunidade educativa.
 - **C**onclusións.
 - **P**ropostas de mellora para o seguinte curso escolar.

A avaliación debe ser crítica e construtiva dos seus obxectivos e actividades para conseguir que cada curso escolar podamos mellorar.

A avaliación será como en todos os casos formativa, é dicir, servirá para ir mellorando no posible todos os apartados tratados neste plan. Nela participarán todos os profesionais implicados no mesmo e poderán ser perfeccionados todos e cada un dos documentos que se elaboren para complementar este plan.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- **O**bservación directa.
- **E**ntrevistas con todo o persoal da comunidade educativa.
- **C**uestionarios.
- **F**ollas de rexistro dos distintos conflitos e medidas adoptadas.

A avaliación do Plan de Convivencia realizarase durante toda a aplicación do Plan:

1. **I**nmediatamente despois da realización de cada actividade.
2. **D**e forma máis xeral unha vez ao trimestre a través da Comisión de Convivencia.
3. **D**e forma global, ao terminar o ano escolar, na memoria final de curso onde se recollerán:
 - **N**ivel de consecución de obxectivos propostos.
 - **A**ctividades realizadas.
 - **G**rao de participación dos compoñentes da comunidade educativa.
 - **C**onclusións.
 - **P**ropostas de mellora para o seguinte curso escolar.

A avaliación debe ser crítica e construtiva dos seus obxectivos e actividades para conseguir que cada curso escolar podamos mellorar.